29outubro26

Confederación Intersindical Galega
ENSINO

informa mesa sectorial

www.cig-ensino.gal

Intervención final da CIG-Ensino

CXT e comisión de saúde.

A administración di que comunicará antes do comezo do prazo de concurso do CXT se este ano vai ser obrigatorio ou non participar nel para solicitar as comisións de saúde.

Aplicación para a cobertura das substitucións

O curso pasado díxose que a aplicación ía entrar en probas con especialidades minoritarias e que este curso estaría en funcionamento xeral. Despois falouse de que se probaría a comezos deste e que estaría en vigor a comezos de 2027. Nesta mesa sectorial non temos novas do que está a pasar coa aplicación salvo que non está activa. Solicitamos información da situación actual da aplicación.

Están ultimando a aplicación e queren comezar con especialidades minoritarias mediante un proceso dobre para ver que todo funciona correctamente, van tentar que sexa xa na semana que vén.

Comunican que durante este curso nas especialidades nas que se vaia implantando a aplicación non haberá sancións.

Vacantes sen cubrir e listas sen abrir

A día de hoxe seguen existindo vacantes sen cubrir (máis de 20 no corpo de PES), algunhas desde o comezo do curso, ben pola lentitude dos chamamentos, ben porque as listas de substitución están esgotadas ou a piques de esgotarse. Hai 9 días que rematou o prazo das que se abriron de forma extraordinaria e, malia que só se barema o expediente académico, non hai resolución provisional aínda. Repetimos unha vez máis que a administración debe facer un estudo completo das listas e planificar con antelación cales hai que abrir, en lugar de ir poñendo parches improvisados. Nos últimos días varios centros educativos veñen de confirmarnos que desde a Consellaría están borrando baixas de 15 días, ou incluso de maior duración, "por non dar feito o traballo de chamar ás persoas substitutas para a súa cobertura".

Condicións de traballo do persoal substituto

Volvemos incidir en que é preciso abordar nunha Mesa Sectorial as condicións deste colectivo: non é de recibo que tiveran que adiantar os cartos para traballar durante case dous meses; ademais vimos de comprobar que a Lei de acompañamento dos orzamentos para 2027 capa outra vez o pagamento do verán para quen traballe cando menos 5 meses e medio, seguen adxudicando medias xornadas ben entrado o mes de outubro até o día 30 de xuño cando deberían ser interinidades a tempo completo… E volvemos insistir de novo na restrición por área xeográfica sen xustificación ante a carestía



da vida e a dificultade para atopar vivenda ou aloxamento en substitucións curtas. E ante isto á Consellaría aínda lle sorprende que sexa difícil cubrir algunhas vacantes cando ten este colectivo totalmente precarizado e sen adoptar nin sequera medidas coma esta da restrición por zona a custo cero para a administración.

E para rematar coas condicións de traballo do persoal interino acabamos de ter coñecemento que o persoal substituto que comezou a traballar o 28 de Setembro foi informado pola Consellería que debido a un erro informático os nomeados ese día non van cobrar ata novembro, que non os deron de alta.

Acceso ao corpo de Cátedras

Solicitamos información sobre se a Consellaría ten intención de sacar proximamente a convocatoria do acceso ao corpo de cátedras de ensino secundario e de escolas oficiais de Idiomas. A última convocatoria é de hai seis anos.

Non está previsto.

Equipos de Orientación Específicos

Na última mesa a administración comprometeuse a facilitarnos unha relación das prazas dos equipos de orientación específicos, vacantes e ocupadas. Volvemos solicitala.

Oposicións 2027

O conselleiro anunciou en sede parlamentaria, sen antes traer a información a este órgano, que nas oposicións de 2027 se convocarán arredor de 1.500 prazas. Solicitamos a convocatoria urxente dunha Mesa sectorial onde se nos proporcione o número de xubilacións, falecementos ou excedencias deste ano, a situación do profesorado en canto á idade e o número de profesorado interino por especialidades e corpos, as prazas estruturais e non estruturais que tamén se comprometaran a pasarnos, e calquera outro dato susceptíbel de ser valorado para negociar as especialidades nas que se deben convocar oposicións.

E por enésimo ano cando falamos de oposicións temos que recordar á Consellaría que moitos tribunais (todos?) seguen sen cobrar o traballo realizado. A administración di que os tribunais non cobren correctamente a documentación e por iso non poden pagar en tempo, que están facendo todo o posíbel por pagar canto antes.

Funcionariado en prácticas

Existe disparidade de actuación das Xefaturas Territoriais coa situación do persoal funcionario en prácticas que se acolle á redución de xornada por coidado de familiar ou interese particular. Entendemos que non ten que pedir o aprazamento da fase de prácticas nin a súa flexibilización xa que o tempo traballado na convocatoria das oposicións non fala de horas, senón de meses. Instamos a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a que faga chegar esta aclaración a todas as xefaturas.

A administración di que así o vai facer.

Ademais, a respecto da segunda xornada de formación obrigatoria que ten que realizar o funcionariado en prácticas, este estase atopando con que ten que facer uso dos días de asuntos particulares para poder asistir por coincidirlle co horario lectivo de tarde ou polo tempo que lle leva desprazarse até a localidade onde se vai realizar. Esta situación resulta especialmente inxustificada e inadmisíbel, tendo en conta que se trata dunha formación obrigatoria, organizada pola propia Administración educativa, e que para a primeira xornada si tiveron permiso concedido. Ademais, o artigo 22.1 da Orde do 29 de xaneiro de 2016 establece expresamente que a admisión ás actividades formativas organizadas polos Servizos Centrais da Consellaría implica o permiso para asistir a elas.

Solicitamos que se corrixa de inmediato esta situación, que se garanta o permiso e o tempo necesario de desprazamento para asistir a esta formación obrigatoria e reclamamos que se restitúan os días de asuntos particulares consumidos por este motivo a todas as persoas afectadas.

A administración dinos que como actividade de formación obrigatoria o persoal en prácticas ten o permiso para a asistencia ás xornadas de formación, que de ser necesario fará unha instrución para as direccións.

Cursos presenciais en horario lectivo e sábados

Estanse a ofertar cursos de formación do profesorado programados durante a totalidade da xornada lectiva diaria e que, nalgúns casos se prolongan durante a xornada do sábado. De novo, o

persoal docente non está obtendo permiso para asistir a estas actividades “porque non son convocadas por Servizos Centrais”, obrigándoo a consumir días de asuntos particulares para a parte da xornada lectiva e a asistir os sábados durante o seu tempo de descanso. Por exemplo, a formación Z2614005. “Dar que falar. Diálogos coa música tradicional” (16 h. o venres 20 e o sábado 21 de novembro).

Desde a CIG-Ensino consideramos inadmisíbel e un abuso que a propia Consellaría programe actividades formativas en horario lectivo e non lles conceda permiso ás persoas que teñen interese en participar nelas.

Máis burocracia para as direccións

Recentemente os equipos directivos dos centros veñen de ter coñecemento de que no que queda de trimestre, apenas dous meses, teñen que cargar en Proens o Proxecto Educativo de Centro e a Programación Xeral Anual. Hai moitos proxectos que levan anos sen actualizar e precisan dunha revisión en profundidade ao aumentar moito os programas nos que participan os centros. Ademais, até que o PEC non estea na aplicación non poden meter a PXA. Solicitamos que o prazo para a PXA sexa deste trimestre pero se permita, sobre todo a aqueles centros que levan anos sen actualizar o PEC e ante a sobrecarga de traballos administrativos no primeiro trimestre, que o poidan facer ao longo do curso.

Tamén algunhas direccións nos trasladaron que este ano recibiron as instrucións para o proceso electoral dos Consellos Escolares moi tarde, recibindo o calendario do procedemento o día anterior á constitución da Xunta Electoral.

Igualmente tivemos coñecemento de que a aplicación Proens estivo caída durante a fin de semana impedindo avanzar nalgúns procedementos como as ACI, sen que o servizo técnico da UAC puidese dar resposta a esta incidencia técnica polo que tamén solicitamos que se flexibilice o prazo de entrega destes trámites.

Soporte informático nos centros con ciclos da familia profesional de Informática

Levamos case dous meses de curso e a situación que inicialmente denunciou o profesorado do IES de Teis sobre que a nova regulamentación da xornada laboral semanal do profesorado tivo unha incidencia directa no recorte de horario lectivo dedicado ás tarefas de soporte técnico dos equipos, lonxe de solucionarse, vaise poñendo de manifesto en máis centros. Son varios os que xa subscribiron o manifesto a prol da calidade formativa e en defensa da infraestrutura tecnolóxica docente. É o caso do IES Xulián Magariños de Negreira, do IES Rodeira de Cangas, do IES Muralla Romana de Lugo, do IES Ramón Aller Ulloa de Lalín, do IES A Pinguela de Monforte e do IES Castro da Uz das Pontes. A responsabilidade neste caso é compartida entre a Dirección Xeral de RRHH e a de FP que non contemplan a especificidade desta familia profesional e que penalizan coa nova regulamentación horaria o seu profesorado e, o que é máis importante, o seu alumnado.

Auxiliares de Conversa

O programa de auxiliares de conversa convocado ao abeiro do Estado español ficou en suspenso, debido ás inseguridades xurídicas derivadas do labor da Inspección de Traballo. Para paliar os efectos negativos desa incerteza, a Consellaría comezou a traballar nun programa propio de persoas auxiliares, que abre unha ventá de oportunidade á entrada da lingua galega no dito programa, especialmente en contextos de traballo coa propia lingua, en todas as súas dimensións, nomeadamente nas EOI galegas.

Esta proposta susténtase na necesidade de capacitar a poboación nunha destreza (a fala) que reflicte a baixada de seis puntos porcentuais nesta competencia en tan só dúas décadas (segundo recolle o novo PXNL).

Por este motivo, achegamos un informe elaborado desde unha EOI no que se indican máis datos para a alarma e se solicita que se inclúan auxiliares de conversa en lingua galega nos centros educativos galegos e, particularmente, en todas as EOI do país.

Non obriga de participar no CXT para solicitar Comisión por saúde

Na última Mesa Sectorial a DX de RRHH comprometeuse a avaliar que este ano non sexa necesario concursar no CXT para poder solicitar posteriormente comisión de servizo pola situación dunha persoa familiar. Preguntamos cal foi a decisión da Consellaría ao respecto.

Situación no CFEA de Guísamo

Outro tema que quedou pendente da Mesa sectorial anterior. Segue sen producirse ningunha reunión entre representantes da Consellaría de Educación e de AGACAL para que quede claro que o persoal docente dependente da primeira non pode ver modificadas as súas condicións laborais por estar nos Centros de Formación e Experimentación Agraria

Prazas definitivas de Orientación e PT nos centros de secundaria e FP

A Consellaría anunciou a finais do curso pasado o aumento dunha segunda praza de orientación en 50 centros do país, descoñecemos cales foron eses centros e que criterio se seguiu para esta adxudicación, e de 100 PT dos que non hai rastro. Esiximos que se convoquen esas prazas no CXT se realmente a administración quere realizar unha aposta real pola atención á diversidade e que se inclúan tamén os CIFP nesta proposta.

Aulas senda e convocatoria de prazas de atención preferente

A Consellaría vén de anunciar a posta en marcha dun novo proxecto: as Aulas Senda, do que nos decatamos pola prensa, como xa é costume neste goberno que fala dunha atención máis especializada para o ACNEE. Parece ser unha nova modalidade de escolarización que, segundo responsábeis da Xunta, "nace dun diálogo previo e consenso", desde logo non co persoal especialista na atención á diversidade nin coa representación sindical do profesorado. Queremos información e negociación real para a posta en marcha de calquera iniciativa que supoña unha atención á diversidade real e non anuncios que se non van acompañados de recursos nin de diálogo previo con quen está a pé de aula e a súa representación son totalmente inútiles para a inclusión educativa do alumnado.

Ademais preguntamos se coa creación destas Aulas Senda xa non se van convocar novas prazas de atención preferente.

Revisións Médicas

O prazo para solicitar cita remata o 31 de outubro, e temos coñecemento que en Compostela neste momento non hai citas dispoñíbeis, vai a Consellaría tomar medidas para solucionalo? Van comunicar a situación para que se solucione.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal